

Unha tarde de verán íamos a miña compañeira Rebeca e eu camiñando polos montes da Area, a nosa intención era pasar a noite xuntas, porque ela tiña que marchar, e planearemos facer unha acampada.

Tras un longo camino de ida só nos apetecía descansar, pero estábamos un pouco asustadas, por ese vento xélido que acariciaba as nosas caras deixándonos cun frío cor branco.

Eu e Rebeca estábamos coa pel de galiña. Mirámonos e as dúas pensábamos o mesmo:

Sería certa a lenda

Non sabedes da lenda?, bueno, é raro porque todo o mundo a coñece. Tranquilos cóntovola.

Nun día frío de inverno caía unha boa tronada e unha rapaza mais un rapaz da vila de Camariñas, ían correndo a buscar refuxio para non ter que volver a casa todos mollados pola chuvia. A rapaza encontrou unha cova preto do monte Branco, e alí pasaron a noite. Nesa cova oíanse ruidos moi raros e a rapaza comezou a explorar a cova. O día seguinte non se soubo mais da rapaza nin do rapaz, pero nin ao seguinte, nin ao seguinte....

A xente fala dunha vella muller que morrera alí por caer dunha pedra nos montes de Area e tamén dunha extraña brisa fría na que aparece a muller e leva os corpos da xente á Cova e encérraos por sempre.

Despois eu e Rebeca seguimos o camiño pero cada vez máis asustadas xa que a noite se aproximaba. Aínda que queríamos saber mais sobre a lenda, asustábanos seguir.

Unha densa néboa cubría todo, non sabíamos onde estábamos, Rebeca sacou unha foto co móbil para recordar ao lugar pero non podíamos ver nada.

Decidimos acampar alí mesmo, xa que non tiñamos pensado volver ata o Cemiterio dos Ingleses, que era donde íamos acampar nun primeiro momento.

Como facía tanto frío acampamos na entrada da cova, aínda non era noite. Collimos unha lanterna e agarrada unha noutra entramos na cova.

De repente vimos a cousa máis terrorífica que nunca vín, outra vez ese frío petando na cara e esa cor branca, brillante, algo detrás dunha pena resaltaba.

Achegámonos e era un libriño, tiritábase, pero aínda así collémolo, e saímos correndo da cova.

Na tenda, xa sentadas e coa lanterna, comprobamos que se trataba dun diario. Na portada poñía un nome "Helen".

Rebeca pensaba que a dama, pantasma, que vivía na cova tiña algo que ver cun tripulante do *Serpent* é dicir, cun inglés. Eu a verdade non o sabía... Só tiña moitísimo medo.

No diario estaba cada día dende que ela chegara as costas de Camariñas para ver se atopaba ó seu amor ata o día da súa morte.

Rebeca tiña razón e ocorréusenos unha idea, levar o diario ata o cemiterio dos ingleses e esperar a ver qué pasaba.

Non podemos durmir e tan pronto se fixo de día alá fomos.

De repente, os pantamas de Helen e do inglés xuntáronse; él estaba mirando para o mar, pensando nela supoñemos. Nos non podíamos crer o que estábamos vendo. Deixamos o diario ao seu carón, e de pronto volveu o frío vento cor branco. Ficou ao seu lado. Agora podíamos ver ós dous xuntos. Ela era moi guapa e él tamén. De pronto desapareceron. Recollemos o diario e marchamos.

Cando chegamos a casa ninguén nos creeu, pensaban que fora un soño polo medo que pasamos, pero nos estábamos orgullosas porque fixeramos un bó traballo e agora Camariñas pode estar máis tranquila, a dama non secuestrará a ninguén máis.

O diario teno a miña amiga Rebeca, e posiblemente algún día o entregará.